

O Castillete

010165

Datos de Localización

Arqueoloxía Industrial

Nomenclator:	3200507
Coord. UTM:	X: 603691 Y: 4644600
Concello:	Baltar
Parroquia:	VILAMAIOR DA BOULLOSA
Lugar:	Santo Antoniño
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Arqueoloxía Industrial
Subtipo:	Arqueoloxía Industrial
Denominación:	O Castillete
Etapas Históricas:	Idade Contemporánea
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Trátase dunha explotación mineira de wolframio, aínda que tamén hai estaño. O wolframio é un mineral co punto de fusión moi alto (máis de 3000 grados centígrados) empregándose para endurecer as aleacións. Esta propiedade utilizouse polos exércitos de todo o mundo para desenrolar material bélico.

Dende sempre, os habitantes do pobo extraían este mineral de maneira individual. Nas vésperas da II Guerra Mundial, a Alemaña nazi non tiña no seu territorio minas de wolframio; así buscou desesperadamente aprovisionarse deste estratéxico mineral. Por cuestións de proximidade, tiña que atopalo en Europa, onde escasea, dándose principalmente en Galicia (destacan as comarcas de Valdeorras, Xallas, Trasdeza, Bergantiños e Xallas), suroeste salmantino, o Bierzo, na provincia de Cáceres e Portugal. Deste modo, Hitler reclama ao goberno franquista, como cobro pola axuda militar e económica prestada durante a Guerra Civil, autorización para organizar empresas destinadas a explotación de wolframio.

O wolframio galego terá para os alemáns unha importancia decisiva. Era practicamente a súa única fonte de suministros e necesitábano para endurecer os blindaxes do seu armamento. Americanos e ingleses coñecían esta situación. Deste xeito, Galicia échese de axentes alemáns dispostos a conseguir o material a calquer prezo e axentes aliados dispostos a evitalo.

Dentro deste contexto, esta mina pasará a estar xestionada por unha empresa alemana. Ao rematar a guerra serán os españois quen pasen a xestionala. Os veciños do pobo non se lembran da data exacta.

Como noutras minas imos atopar dúas zonas de traballo. Na parte máis alta, localízase a zona de extracción, onde os homes barrenaban a rocha con mazas e punteiros. O mineral acumulábase preto da caseta, onde un home encargábase de encher manualmente as vagonetas que subían polos raís e poñelas en movemento. Na actualidade, esta caseta de planta rectangular atópase semiderruída, sen teito e con parte dos seus muros caídos. As vagonetas cargadas co wolframio baixaban ata a segunda zona de traballo, denominada o lavadoiro. Primeiramente caía nun depósito de auga e despois pasaba ás mesas separadoras, caixas rectangulares de madeira cubertas cunha malla metálica, onde as mulleres separaban o mineral das impurezas que traían axudándose cunha roda (utensilio parecido a un sachó). Esta edificación presenta planta rectangular cos muros de cachotería semiderruídos e sen cuberta.

Mentres que na zona de extracción só se traballaba durante o día; na de lavado facían dous turnos, tanto de día como de noite. Nas súas proximidades existía unha carpintería na que se fabricaban as caixas para o lavado e os

vigallóns (mangos dos picos). Nesta explotación ademais dos propios habitantes de Santo Antoniño, traballaba poboación de núcleos veciños como A Quinta, San Paio, Rubiás, que alugaban casas no pobo.

Coordenadas do lavadoiro: 604012 / 4644622.

BIBLIOGRAFÍA:

-MONSACRO.NET(patrimonio industrial) Revista de Patrimonio Industrial y Técnico. Arqueología Industrial. "Minas de wolframio en Orense. En memoria del olvido."

Características Construtivas

Plantas:	Baixa
Edif. Anexas:	Carpintería
Mat. Fachada:	Granito
Mat. Estrutura:	Granito
Mat. Cuberta:	
Elementos singulare	
Construtivos:	
Decorativos:	

Delimitación do Ben e da contorna

Situación:	Outros
Area de Protección:	

Protección

Tipo de ben:	Sen rexistrar
Proposta de tipo de ben:	Inventariado
Estado de Tramitación:	
Nivel de Protección Arq.:	Sen protección
Proposta Nivel de Protección Arq.	Integral
Grao de Protección Arq.:	-----
Proposta Grao de Protección Arq.	-----
Xustificación da Protección:	
Titularidade	
Polígono:	
Parcela:	

Conservación-Intervención

Estado de Conservació	Regular
..

Uso Actual: Monte baixo

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











